

En Lalín, a 10 de xullo de 2026

***ACTA NÚMERO CATRO DA XUNTA ELECTORAL
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO***

Sendo as dez trinta horas do día sinalado, reuníronse telemáticamente D. Luis Alberto Villar González (Presidente), D. Carlos Lamas Fernández e D. Andrés Hermida-Cachalvite Manzano (Secretario); constituíndose como **XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**, para elevar o censo electoral provisional a definitivo; o que levan a efecto con base nos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. O censo provisional foi exposto na páxina web da F. G. de A., e no taboleiro de anuncios o 12 de xuño de 2026.

SEGUNDO. A Xunta Electoral recibiu as reclamacións ó censo provisional que se reflicten na acta nº 3, que se dan por reproducidas.

TERCEIRO. A Xunta Electoral acordou estimar as seguintes reclamacións:

1. D.^ª ADRIANA MARTÍNEZ GARCÍA, que non figuraba no censo electoral provisional, foi incluída no estamento de deportistas, especialidade pilotos/copilotos de rallyes.
2. D. CARLOS PAMPILLÓN CANCELAS, que non figuraba no censo electoral provisional, foi incluído no estamento de xuíces/árbitros, especialidade comisarios deportivos, secretarios e directores de carreira.
3. D. JOSÉ CARLOS FIGUEIRAS FERNÁNDEZ, que non figuraba no censo electoral provisional, foi incluído no estamento de xuíces/árbitros, especialidade comisarios deportivos, secretarios e directores de carreira.
4. D. MANUEL MONTOTO ORREA, que non figuraba no censo electoral provisional, foi incluído no estamento de xuíces/árbitros, especialidade comisarios técnicos.

5. D. ALBERTO BRACONE, que non figuraba no censo electoral provisional, foi incluído no estamento de deportistas de karting.

CATRO. A Xunta Electoral recibiu, no prazo regulamentariamente establecido, as peticións de opción a un estamento/especialidade que se reflicten na acta nº 3, estimándose todas elas:

1. D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA FERNÁNDEZ, incluído no censo electoral provisional no estamento de xuíces árbitros, especialidade de comisarios deportivos, optou por ser incluído no estamento de deportistas, especialidade montaña.
2. CLUB DEPORTIVO AS PONTES MOTORSPORT, incluído no censo electoral provisional no estamento de entidades deportivas, especialidade de slalom, optou por ser incluído na especialidade de rallyes/rallymix/rallysprint.
3. SILLEDA MOTORSPORT, incluído no censo electoral provisional no estamento de entidades deportivas, especialidade de rallyes, optou por ser incluído na especialidade de rallyes/rallymix/rallysprint.

QUINTO. A Xunta Electoral, na revisión do CENSO ELECTORAL PROVISIONAL, detectou un erro, consistente en que D. DAVID AMENEDO SANMARTÍN, figura como deportista na especialidade de rallyes, na provincia de Pontevedra, pero debe estar inscrito na provincia de A Coruña, polo que resolveu inscribilo na provincia de A Coruña, e excluído na provincia de Pontevedra.

SEXTO. D. Adolfo González-Almuíña Torres, D. Germán Castrillón Permy, Club Rallye Rías Altas, AGE Motorsport e D. Alfonso García Eiriz formularon recursos electorais contra a acta nº 3 da Xunta Electoral, recursos que resultaron todos eles desestimados, de conformidade cás resolucións dictadas nos expedientes 94, 95, 96 e 97/2026.

Ós anteriores antecedentes de feito, resultan de aplicación los siguientes,

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I

O art. 8.2c) do Regulamento Electoral, establece que *“unha vez resoltas as reclamacións, no seu caso, a xunta electoral elevará, no día hábil seguinte, o censo electoral provisional*

a definitivo, contra o que non caberá recurso ningún. O censo será exposto de novo nos mesmos lugares ata o día da votación á asemblea xeral.”

Polo exposto, a Xunta Electoral **RESOLVE**:

Elevar o censo provisional a definitivo, coas modificacións aprobadas na acta nº 3, reproducidas nos FFJJ terceiro a quinto desta resolución.

Publicar o censo electoral definitivo na páxina web da F. G. de A. e no taboleiro de anuncios, e proceder a súa remisión a Secretaría Xeral para o Deporte.

Contra esta resolución non cabe recurso algún.

Fdo. D. Luis Alberto Villar González
Presidente de la Junta Electoral

Fdo. D. Carlos Lamas Fernández. Fdo. D. Andrés Hermida-Cachalvite Manzano
Secretario de la Junta Electoral